



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO E A FUNDACIÓN INGENIERÍA CIVIL DE GALICIA PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES E ESTUDOS QUE PERMITAN COÑECER A SITUACIÓN XEOLÓXICA-XEOTÉCNICA ACTUAL DO MONUMENTO NATURAL PRAIA DAS CATEDRAIS E A SÚA POSIBLE EVOLUCIÓN NO TEMPO COFINANCIADO NUN 80% POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2014-2020

En Santiago de Compostela a 14 de agosto de 2018

REUNIDOS

Dunha parte, dona Beatriz Mato Otero, Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia, en virtude das facultades atribuídas polo artigo 34 da Lei 1/1983 do 22 de febreiro de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia e do Acordo do Consello da Xunta de 27 de marzo de 1991 (DOG de 30 de abril), de acordo co seu nomeamento polo Decreto 148/2016, do 13 de novembro, polo que se nomean os titulares dos departamentos da Xunta de Galicia, publicado no Diario Oficial de Galicia núm. 217, do 14 de novembro de 2016, e en relación co establecido no Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, que actúa en nome e representación da Comunidade Autónoma de Galicia.

E doutra parte D. Juan M Loureda Mantiñán, Presidente do Patronato da Fundación Ingeniería Civil de Galicia, en adiante Fundación, con domicilio na _____, con CIF G-15422660. Está capacitado o Sr. Loureda para este acto, en virtude da Orde do 9 de Febreiro de 1994 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia (DOG do 8 de Marzo) pola que se declara de interese galego a Fundación Enxeñería Civil de Galicia e apróbanse os seus Estatutos.

Ambas partes recoñécense reciprocamente a capacidade legal necesaria para a eficacia deste outorgamento, e para ese efecto,



EXPOÑEN:

PRIMEIRO

O 14 de novembro de 2016 publicouse no Diario Oficial de Galicia o Decreto 146/2016, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia tendo en conta os criterios de eficacia e economía que deben inspirar a actuación e a organización administrativa. Esta nova dimensión organizativa reflíctese no Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, que no seu artigo 3 regula a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

Tal e como establece o artigo 1 do Decreto 167/2015, do 13 de novembro, a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma a que lle corresponden as competencias e funcións en materia de ambiente, ordenación do territorio e urbanismo, e conservación da natureza, conforme o establecido no Estatuto de autonomía para Galicia nos termos sinalados na Constitución española.

SEGUNDO

A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, a través da Dirección Xeral de Patrimonio Natural exerce, entre outras funcións: O fomento de medidas de desenvolvemento socioeconómico dos espazos naturais protexidos; A divulgación dos valores do patrimonio natural; A xestión dos hábitats naturais, da flora e fauna silvestres, das paisaxes naturais e dos elementos senlleiros da xea da Comunidade Autónoma galega; A promoción da defensa integral da natureza e dos elementos que a compoñen; A conservación específica dos espazos que compoñen a Rede galega de espazos protexidos e da Rede Natura 2000 de Galicia ou doutras zonas de alto valor ambiental, sen prexuízo das competencias atribuídas a outros órganos. Entre os espazos de alto valor natural atópase a praia de Augasantas, coñecida popularmente como “As Catedrais”, situada no extremo oriental da provincia de Lugo, no Concello de Ribadeo (parroquia da Devesa).

Esta praia declarouse monumento natural mediante Decreto 11/2005, do 20 de xaneiro. Ademais sobre este espazo recae a figura de protección denominada “Zona de especial conservación As Catedrais” (ZEC ES1120005), dentro da Rede Natura 2000.

TERCEIRO

O artigo 1 da lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades, modificada pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, atribúe a estas institucións a realización do servizo público da educación superior mediante a investigación, a docencia e o estudo, conferíndolles, entre outras funcións, a creación, desenvolvemento, transmisión e crítica da ciencia, da técnica e da cultura; a preparación para



o exercicio de actividades profesionais que esixan a aplicación de coñecementos e métodos científicos e para a creación artística; ou a difusión, a valorización e a transferencia do coñecemento ao servizo da cultura, da calidade de vida, e do desenvolvemento económico.

A Fundación Ingeniería Civil de Galicia, é unha Entidade de Dereito Público independente e sen ánimo de lucro que desenvolve actividades de formación, investigación e desenvolvemento científico e tecnolóxico, estando interesada en colaborar con outras entidades para asegurar un dos fins da formación e da investigación, que é a transferencia de tecnoloxía no eido da xestión do medio natural co obxecto de manter, ou no seu caso, mellorar a súa funcionalidade ecolóxica. Nesta entidade participan investigadores e técnicos de valía profesional e prestixio recoñecido posuíndo os medios técnicos adecuados para levar a bo fin actividades de interese xeral.

Por outra parte, esta Fundación ten experiencia acumulada no estudo da xeotécnica de elementos parellos, o que constitúe unha contribución relevante para a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio no establecemento de medidas para os usos futuros do monumento natural . Esta actuación conxunta e coordinada supón un fornecemento das sinerxias entre a Consellería e a Fundación, como entidade sen ánimo de lucro integrada na Universidade da Coruña, como se reflexa no “Convenio Marco entre a Universidade da Coruña e a Fundación Ingeniería Civil de Galicia para o desenvolvemento de actividades académicas, científicas e de transferencia tecnolóxica”, e no “Convenio de colaboración entre a Universidade da Coruña e a Fundación Enxeñaría Civil de Galicia para a xestión delegada de servizos científicos, técnicos, artísticos ou docentes” (ANEXO IV).

CUARTO

Contéplase a participación de profesores e investigadores da Universidade da Coruña nas actividades da Fundación en virtude do que dispón a Lei Orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades (art. 68.1 e 83), o Decreto 101/2004, de 13 de maio (DOG do 26 de maio) modificado polo Decreto 194/2007, de 11 de outubro (DOG de 17 de outubro) polos que se aproban os Estatutos da Universidade da Coruña, e o “Convenio Marco entre a Universidade da Coruña e a Fundación Enxeñaría Civil de Galicia para o Desenvolvemento de Actividades Académicas, Científicas e de Transferencia Tecnolóxica”.

QUINTO

Tendo en conta o previsto nos apartados expositivos anteriores, a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e a Fundación están interesadas na realización das actuacións de colaboración obxecto deste convenio aos fins de garantir a adecuada consecución dos servizos



públicos que lles incumben a cada unha deles.

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e a Fundación Ingeniería Civil de Galicia para a realización das actividades e estudos que permitan coñecer a situación xeolóxico- xeotécnica actual do Monumento Natural da Praia das Catedrais, e a súa posible evolución no tempo; consensuar recomendacións conxuntas para os seus usos futuros, así como o reforzamento das sinerxias e colaboración entre as Administracións responsables das medidas de xestión e control e a comunidade científica, no relativo ás liñas de investigación e transferencia de tecnoloxía no eido da xestión do medio natural dentro do seu ámbito competencial.

SEGUNDA. ACTIVIDADES A DESENVOLVER

As actividades a desenvolver para a consecución do obxecto do convenio serán as que se especifican a continuación:

- a) A elaboración dunha cartografía de traballo (escala 1/1000 aproximadamente) da área de estudo. Levantamento fotográfico da área de estudo para situar gráficamente as actuacións. A cartografía poderase facer por restitución apoiada, por vía terrestre ou por vía aérea por medio de drons. Os drons serán especialmente útiles para a fotografía aérea xeral da zona completa, así como para fotografías de detalle de zonas relevantes ou máis inaccesibles por outros medios.
- b) O estudo de cartografías antigas e fotos aéreas ou terrestres para establecer a velocidade de degradación das distintas zonas.
- c) Análise da climatoloxía dispoñible (choivas, ventos, etc.).
- d) O establecemento da posible climatoloxía mariña no referente a magnitude e orientación da ondada, obtención de valores extremos. Estimacións do ascenso do nivel do mar.
- e) A obtención de datos sobre a natureza dos fondos mariños e os perfís da costa, como base para calquera estudo de dinámica mariña.



- f) Caracterización xeolóxica e xeotécnica dos materiais que forman a plataforma costeira, os cantís e as formacións que compoñen o monumento natural de As Catedrais. Sempre que sexa posible realizaranse estacións xeomecánicas. Para a investigación dos macizos rochosos realizaranse da orde de 10 sondaxes con recuperación de testemuña. Coas mostras obtidas determinaranse as propiedades mecánicas das formacións presentes na zona de estudo. No seu caso faríanse ensaios especiais sobre a degradación da formación rochosa baixo o impacto da ondada. Estudaranse os documentos técnicos anteriores (e arquivos fotográficos) relacionados coa xeoloxía e morfoloxía da zona e a súa evolución durante as últimas décadas.
- g) Estudo do clima marítimo en augas profundas mediante datos de aboias de ondada e/ou bases de datos de hindcast. Propagación de estados de mar relevantes mediante modelización numérica avanzada (modelo espectral de terceira xeración SWAN). Estudo do clima marítimo na praia con base nas propagacións previas. Estudo de dinámica litoral mediante modelización numérica avanzada (modelos de proceso, p. ex. XBeach, Delft3D, one-line). Estudo de erosión do cantil (modelo de comportamento, behavioural model, en función de dispoñibilidade de datos), e estimación da súa evolución no tempo. No posible tentaríase tamén a modelización dalgún elemento morfológico particular como arcos, covas ou illotes.
- h) A realización dunha tramificación ou zonificación do monumento, empregando un criterio de risco potencial de futuras caídas, desprendementos ou esvaramentos, a partir da caracterización dos materiais. Análise e determinación das actuacións para levar a cabo en cada unha das zonas resultantes do punto anterior para garantir a seguridade dos visitantes. En particular definiranse rutas seguras para os visitantes. Nas posibles intervencións terase en conta o carácter singular do monumento e o seu valor paisaxístico, evitando solucións “duras” ou incompatibles coa estética do mesmo. Non se descartan actuacións de enxeñería de costas para mitigar os efectos da ondada como diques semisumexidos ou barreiras deflectoras.
- i) Recomendacións sobre dispositivos de auscultación (inclinómetros, fitos e regletas de nivelación, etc.) que permitan o control e seguimento dos movementos en determinados puntos críticos, significativos ou de especial risco do monumento. A toma de datos levará a cabo por medios topográficos convencionais non destrutivos, comezará ao principio do estudo e poderase manter durante varios meses ou anos se se considera oportuno. Loxicamente os dispositivos estarán totalmente integrados no monumento, instalaranse sen ningún tipo de risco para a integridade do mesmo e non supoñerán ningún tipo de alteración para o desenvolvemento natural da dinámica costeira en xeral, nin do monumento en particular. Eventualmente poderá recomendarse a instalación de fitos de control do perfil dos cantís e outros elementos. Nalgúns casos poderían instalarse sensores de fibra óptica para seguir a



evolución de zonas potencialmente inestables.

As accións defínense no anexo III ao convenio.

TERCEIRA. DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES

Para o impulso do previsto neste convenio constituirase un equipo de traballo formada polos seguintes membros:

- Un representante da Dirección Xeral de Patrimonio Natural con capacidade de decisión, que subministrarán a información previa dispoñible da administración, impulsará o ritmo das actuacións obxecto do convenio. Neste caso o representante será a persoa titular da Subdirección Xeral de Espazos Naturais da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, que nas correspondentes decisións técnicas delegará nos restantes membros do seu equipo relacionados no anexo deste convenio.

- Un representante da Fundación que estea a dirixir os traballos do persoal desa entidade. Neste caso o representante será _____, profesor Titular do Departamento de Enxeñería Civil na Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos, da Universidade da Coruña, director e responsable deste Convenio por parte da Fundación.

CUARTA. COMPROMISOS ASUMIDOS POLAS PARTES

A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, a través da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, asume os seguintes compromisos:

- a) Achegar a compensación económica estipulada na cláusula novena
- b) Levar a cabo a tramitación administrativa necesaria
- c) Exercer a coordinación e seguimento das actividades obxecto deste convenio conforme á cláusula segunda e terceira
- d) Cumprir co obxecto do convenio, executando as accións e realizando as actividades contempladas na cláusula- segunda, consonte as accións recollidas no anexo III e a través do equipo de traballo previsto na cláusula terceira e no ANEXO I
- e) Subministrar e facilitar, aquela información dispoñible que sexa necesaria para o cumprimento do obxecto deste convenio, así coma o apoio e asesoramento técnico preciso



- f) Realizar a búsqueda de información previa, aportar os antecedentes, cartografía necesaria, informes técnicos dispoñibles e compilar toda a documentación existente sobre o monumento natural
- g) Definir, coordinadamente coa Fundación, o plan de traballo ao que deberán someterse as actuacións dimanantes deste convenio, así como a definición da metodoloxía, terminoloxía e fontes de datos.
- h) Colaborar coa Fundación na redacción e proposta conxunta dos futuros usos e recomendacións a implantar no monumento natural
- i) Integrar os resultados do estudo nos instrumentos de xestión do monumento
- j) Garantir a confidencialidade da información e os estudos obxecto do convenio tal e como se recolle na cláusula sexta
- k) Participar xunto coa Fundación nos actos de difusión e comunicación que se leven a cabo en relación coas accións que se desenvolvan no marco deste convenio.

A Fundación asume os seguintes compromisos:

- a) Exercer a coordinación e seguimento das actividades obxecto deste convenio conforme á cláusula segunda e terceira
- b) Cumprir co obxecto do convenio, executando as accións e realizando as actividades contempladas na cláusula- segunda consonte as accións recollidas no anexo III a través do equipo de traballo previsto na cláusula terceira e no ANEXO I
- c) Subministrar e facilitar, aquela información dispoñible que sexa necesaria para o cumprimento do obxecto deste convenio, así coma o apoio e asesoramento técnico preciso
- d) A posta a disposición dos resultados obtidos nas actividades que conforman o obxecto do presente convenio á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio
- e) Garantir a confidencialidade da información e os estudos obxecto do convenio tal e como se recolle na cláusula sexta
- f) Participar xunto coa Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio nos actos de difusión e comunicación que se leven a cabo en relación coas accións que se desenvolvan no marco deste convenio.



QUINTA. VIXENCIA

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e a súa duración será ata o 31 de outubro de 2018.

Non obstante, poderá prorrogarse durante o ano 2018 e como data límite ata 15 de novembro se ambas as dúas partes así o consideran de mutuo acordo para o cumprimento íntegro dos termos do convenio.

A prórroga materializarase mediante a subscripción dunha addenda ao convenio, con antelación á finalización da súa vixencia, que tamén poderá recoller outras accións vinculadas á realización dos obxectivos deste e que sexan de interese mutua para os asinantes.

SEXTA. CONFIDENCIALIDADE

Ambas as partes acordan que calquera información intercambiada entre as partes será mantida confidencial. A parte receptora da información manterá esta confidencial, e evitará revelala a toda persoa que non sexa empregado ou subcontratante autorizado salvo que:

- a) A parte receptora poida demostrar que coñece previamente a información recibida.
- b) A información recibida sexa ou pase a ser de dominio público.
- c) A información recibida proceda dun terceiro de boa fe que non esixe secreto.
- d) É ou se fai dispoñible á parte receptora por observación casual ou análise daquelas tecnoloxías involucradas neste acordo.
- e) A parte receptora obteña autorización previa e por escrito para a súa revelación.
- f) É requirida á parte receptora polas Autoridades.

Neste caso deberá notificarse inmediatamente esta circunstancia á parte subministradora. Así mesmo, a parte receptora só revelará aquela parte da información fornecida que sexa requirida legalmente e achegará á parte subministradora garantías de que á devandita información daráselle un tratamento confidencial. A parte receptora responsabilízase de que os recursos humanos que participan nas actividades desenvolvidas no marco do convenio se suxeiten ás limitacións que se establecen nos parágrafos anteriores.

Igualmente serán confidenciais todos os borradores, documentos de traballo, notas preliminares e análises previos utilizados para a redacción final do estudo pero que non se incorporen ao mesmo. Os informes intermedios, os contidos das reunións de traballo e de coordinación, e toda a documentación que sexa elaborada por cada unha das partes durante a execución deste convenio será asimade confidencial excepto a que se incorpore aos informes definitivos ou informe final.



O presente Acordo de Confidencialidade será en por si confidencial. Esta cláusula permanecerá en vigor durante un prazo de 5 anos, a partir da firma do convenio.

SÉTIMA. RELACIÓNS LABORAIS

A subscrición do presente convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera tipo, entre os profesionais que desenvolvan as actividades e a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia, de tal modo que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos durante a execución das actuacións e/ou a vixencia do presente Convenio.

OITAVA.- PROPIEDADE INTELECTUAL E INDUSTRIAL

A propiedade intelectual dos traballos resultantes será compartida polas partes asinantes deste convenio: a Consellería de Medio Ambiente e a Fundación, salvo renuncia expresa dalgunha das partes, os cales se comprometen a empregarla dentro dos fins que lle son propios.

En todos os materiais que se realicen froito do presente Convenio aparecerán como coautores a Consellería de Medio Ambiente e a Fundación.

En todos os documentos que se xeren como consecuencia deste convenio debe figurar de xeito expreso que esta financiado pola Xunta de Galicia e a UE e os logotipos da UE, da Xunta de Galicia e da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

Calquera que sexa o medio de difusión, ámbalas dúas partes comprométense a facer mención expresa do presente convenio.

En calquera caso a Fundación poderá facer uso dos coñecementos adquiridos durante a realización das actuacións obxecto deste convenio en actividades propias da súa función investigadora.

No caso de que se obtivese, como consecuencia da execución pola Fundación das actividades obxecto do presente convenio, un resultado que poida ser obxecto de explotación, a titularidade dos dereitos corresponderá á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, aparecendo como inventores e/ou autores, os investigadores da Fundación e a Consellería.

A explotación destes resultados corresponderalle á Consellería e, a cambio, esta comprométese a acordar coa Fundación o recoñecemento da súa participación nestes resultados. A Fundación reterá unha licenza non exclusiva, non transmisíble e gratuíta para o uso destes resultados para fins de investigación e docencia. Esta cláusula entrará en vigor despois da resolución do presente convenio.



NOVENA.- ORZAMENTO E PAGAMENTO

O orzamento total do presente convenio ascende á cantidade de douscentos noventa e tres mil euros, dos que douscentos sesenta e catro mil novecentos noventa euros, gastos de administración e IVE incluído corresponden ao orzamento da Fundación e vinte e oito mil dez euros á Dirección Xeral de Patrimonio Natural.

No relativo á Fundación, os custes deberán compensar realización das actividades obxecto deste convenio e serán xustificados conforme á cláusula novena deste convenio. No relativo á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, os custes representan o valor dos traballos e medios achegados ao presente convenio.

A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, a través da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, co fin de facilitar a execución conxunta das accións obxecto do convenio aportará durante o prazo de vixencia do convenio a cantidade total de DOUSCENTOS SESENTA E CATRO MIL NOVECIENTOS NOVENTA EUROS (264.990,00 €), gastos de administración e IVE incluídos, coma achega á Fundación aos efectos de compensar os gastos producidos como consecuencia da súa participación na presente colaboración. O dito importe satisfacerase con cargo á aplicación orzamentaria 07.03.541B.640.1 (código de proxecto 2016 00069) do vixente orzamento de gastos de acordo co Anexo II.

Estas cantidades faranse efectivas segundo as distintas fases das actividades previstas e previa presentación por parte da Fundación da factura correspondente aos gastos que se compensen.

Para a realización dos pagos estarase ao seguinte:

- A primeira factura corresponderá co 25% do importe do convenio e se fará efectivo unha vez elaborado pola Fundación un documento preliminar relativo ás actuacións previstas no presente convenio. Este documento preliminar deberá recoller como mínimo unha diagnose do situación xeolóxica e xeotécnica do monumento natural. Esta primeira factura corresponderá cos gastos soportados pola Fundación como consecuencia da súa participación e colaboración na elaboración do dito documento preliminar e comprenderá: gastos de persoal, custes de viaxes, cartografía, documentación, fondos bibliográficos, etc.
- Transcorrido un mes do comezo das actuacións previstas neste convenio, presentarase polo grupo de traballo unha memoria técnica que recolla todos os estudos, sondaxes, fotografía aérea, etc... elaborados. A segunda factura ascenderá ao 50% do importe do convenio e corresponderá cos gastos soportados pola Fundación como consecuencia das actuacións realizadas,



- Ao remate das actuacións previstas, e tras a presentación das conclusións, se aboará a cantidade restante do 25%, nos mesmos termos que o recollido nos apartados precedentes respecto dos gastos soportados pola Fundación.

Os resultados das actividades desenvolvidas consideraranse como una actividade de I+D+i consonte ao artigo 35 da Lei 27/2014, de 27 de novembro, do Imposto sobre Sociedades.

As cantidades achegadas pola Consellería entregaranse ao beneficiario nos pagos arriba relacionados, que se realizarán previa presentación, por parte da Fundación, da correspondente factura desagregada por conceptos de gasto acompañada da seguinte documentación:

- a) Unha memoria xustificativa, onde se sinalen as actuacións realizadas.
- b) Unha memoria económica onde se relacionen os gastos que se imputan á xustificación, así como unha explicación que aclare, de xeito indubidable, a relación do gasto coa actuación obxecto deste convenio.

Os ditos pagamentos financiarán exclusivamente o custo de realización das actividades obxecto deste convenio sen que ningunha das partes convenientes obteña lucro ningún. No caso de que a xustificación dos gastos sexa inferior ao importe do convenio, a contribución económica da Consellería diminuírase proporcionalmente.

Procederá o reintegro, total ou parcial, das cantidades percibidas no suposto de incumprimento das condicións establecidas neste convenio.

Todos os textos que documenten as actividades obxecto deste convenio atendendo as fases establecidas na cláusula novena se presentarán en formato papel. Estes documentos deberán ser entregado en formato editable (Libre Office) mentres que a información xeográfica entregarse integrada nun proxecto SIX. Como mínimo, os datos serán en formato "ESRI Shapefile", debidamente estruturado, compatible e integrable nos sistemas da Xunta de Galicia.

DÉCIMA. FINANCIAMENTO E ELEXIBILIDADE

O obxecto deste gasto, cofinanciarase pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) co lema "Unha maneira de facer Europa", nun 80%, no marco do Programa Operativo Feder Galicia 2014-2020, elixible segundo os criterios de selección de operacións aprobados para o devandito programa de acordo coa seguinte desagregación:



ELEXIBILIDADE		
Obxectivo temático	6	Conservar e protexer o medio ambiente e promover a eficiencia dos recursos.
Prioridade de investimento	6.4	Protección e restauración da biodiversidade e do solo e fomento dos servizos dos ecosistemas, incluíndo a través da Rede Natura 2000 e de infraestruturas ecolóxicas.
Obxectivo específico	6.4.1	Fomentar a xestión, protección e mantemento dos espazos naturais e da súa diversidade, en particular os protexidos, que inclúan medidas para paliar os problemas de erosión, salinización, desertización, deforestación e baixo nivel de materia orgánica.
Actuación	6.4.1.2	Accións de protección e conservación do patrimonio natural.
Liña de actuación	28	Medidas de protección e conservación do patrimonio natural.
Campo de intervención	085	Protección e fortalecemento da biodiversidade, protección da natureza e infraestrutura ecolóxica.
Título da operación		Actuacións de conservación nas Zonas de Especial Conservación (ZEC) e nas Zonas de Especial Protección para as Aves (ZEPA) da Rede Natura 2000 de Galicia.

As actuacións contempladas no convenio supoñen unha intervención para mellorar a protección e conservación do patrimonio natural e contribúen á consecución do obxectivo específico 6.4.1. Así mesmo, cumpren cos criterios básicos de selección de operacións aprobados, sendo coherentes coa planificación establecida pola Administración para a protección e xestión da biodiversidade.

Os ditos pagamentos financiarán exclusivamente o custo de realización das actividades obxecto deste convenio, sen que ningunha das partes convenientes obteña lucro ningún. No caso de que a xustificación dos gastos sexa inferior ao importe do convenio, a contribución económica da Consellería diminuírase proporcionalmente.

Reintegraranse, total ou parcial, as cantidades percibidas no suposto de incumprimento das condicións establecidas neste convenio, así como a obriga de facilitar a información que sexa requirida pola



Consellería en relación coa xustificación do convenio, e pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control de destino das cantidades.

DECIMO PRIMEIRA. PUBLICIDADE

A sinatura do presente convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG nº 30 do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG nº 149 do 3 de agosto).

Este convenio cofinánciase con fondos do Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020. Os beneficiarios deberán cumprir coa normativa referente a información e publicidade comunitaria establecidas no apartado 2.2 do anexo XII do Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 17 de decembro de 2013 e nos artigos 4 e 5 do Anexo II do Regulamento (UE) nº 821/2014 da Comisión de 28 de xullo de 2014.

Na documentación xustificativa, presentada pola Fundación, figurarán os logotipos da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e os referentes á cofinanciación do gasto con fondos FEDER Galicia 2014-2020, mostrando os seguintes elementos:

1. O emblema da Unión e referencia á Unión Europea.
2. A referencia ao Fondo que da apoio á operación e o lema “Unha maneira de facer Europa”

Os beneficiarios asumen a responsabilidade de adoptar as medidas necesarias para facer chegar ao público información sobre as operacións financiadas polo PO FEDER, de acordo co estipulado no artigo 2.2 do Anexo XII do Regulamento (UE) 1303/2013.

A sinatura do presente convenio de colaboración supón a súa aceptación para ser incluída na lista pública que se recolle no artigo 115, apartado 2 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 17 de decembro de 2013.



DÉCIMO SEGUNDA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para o seguimento do presente convenio establecerase unha comisión mixta na que participará un representante da Fundación dos relacionados no Anexo I, ou as persoas que se designen polo dito ente, e un representante designado pola Dirección Xeral de Patrimonio Natural para tal fin en nome da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio. A dita comisión actuará como mecanismo conxunto de plena efectividade e reunirase a petición dunha das partes. En caso de discrepancia, e en última instancia, resolverán os órganos xurisdicionais competentes.

Esta Comisión Mixta desenvolverá os obxectivos que xustifican o asinamento deste convenio, cumprindo de modo específico as seguintes funcións:

- a) Controlar o cumprimento deste convenio e resolver as discrepancias que poideran existir entre as partes por mor da súa aplicación.
- b) Propoñer addendas ou modificacións a este convenio para que sexan aprobados polos órganos competentes.
- c) Seguimento das actividades contempladas no presente convenio

A Comisión Mixta de seguimento reunirase na periodicidade que se estime necesario convocar, a fin de desenvolver as súas atribucións.

DECIMO TERCEIRA. MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DO CONVENIO

As partes poderán modificar o presente convenio en calquera momento por acordo mutuo.

Igualmente, cada unha das partes poderán denunciar o presente convenio comunicándoo por escrito á outra parte con tres meses de antelación á data na que se vaia a dar por finalizado.

Son causas de resolución do presente convenio:

- a) O cumprimento do contido do convenio, cando o seu obxecto se teña realizado nos termos e a satisfacción de ambas partes, de acordo coas súas competencias
- b) O mutuo acordo das persoas asinantes.
- c) Si se producisen circunstancias que fixesen imposible realizar as actuacións previstas no convenio.
- d) Polo incumprimento dos compromisos e das obrigas establecidas no presente convenio.
- e) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen terse acordado a prórroga deste.

O cumprimento e a resolución do convenio dará lugar á liquidación do convenio ao obxecto de



determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes. Se da liquidación resultara que o importe das actuacións executadas por algunha das partes fora inferior aos fondos que a mesma tivera recibido da outra parte do convenio para financiar a dita execución, deberá reintegrar o exceso que corresponda no prazo máximo dun mes dende que se fora aprobada a liquidación.

Trascurrido o prazo dun mes sen que se tivera producido o reintegro, procederá a abonar pola parte que non o fixer, e tamén no prazo dun mes a partir dese momento, o interese de demora aplicable ao citado reintegro que será en todo caso o que resulte das disposicións de carácter xeral reguladoras do gasto público e da actividade económico-financiera do sector público.

Se da liquidación se determinara que o importe das actuacións executadas por algunha das partes partes fora superior aos fondos que tivera recibido, a outra parte deberá abonar a diferenza que corresponda co límite máximo fixado na cantidade á que se tivera comprometido a aportar en virtude do convenio.

En ningún caso as partes deste convenio terán dereito a esixir ao resto contía algunha que supere os citados límites máximos.

Non obstante ao anterior, si cando concurra calqueira das causas de resolución do convenio existen actuacións en curso de execución, as partes, a proposta da comisión de seguimento poderán acordar a continuación e finalización das actuacións en curso que consideren oportunas, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización, transcorrido o cal deberá realizarse a liquidación das mesmas nos termos establecidos anteriormente.

DÉCIMO CUARTA. NATUREZA E XURISDICIÓN

Este convenio de colaboración ten natureza administrativa e considérase incluído no artigo 6.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, polo que queda fora do seu ámbito de aplicación.

Correspóndelle á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio o exercicio das potestades administrativas en relación co interpretación, resolución e efectos deste convenio e así como cantas cuestións xurdan en relación ao seu cumprimento, cuxas resolucións porán fin á vía administrativa e contra elas poderase interpor recurso contencioso-administrativo segundo o disposto na Lei reguladora da dita xurisdición.



XUNTA DE GALICIA



Fondo Europeo de
Desenvolvemento Rexional
Unha maneira de facer Europa

galicia

Para todo o non previsto neste convenio estarase ao previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e colaboración con particulares, publicado por resolución da Consellería de Economía e Facenda, do 8 de abril de 1991 (DOG nº82, do 30 de abril), así como demais normativa de aplicación.

En proba de conformidade asinan o presente convenio, por triplicado exemplar, no lugar e data ao comezo citado.

Pola Conselleira de Medio Ambiente
e Ordenación do Territorio

Pola Fundación Ingeniería Civil de Galicia

Beatriz Mato Otero

Juan M Loureda Mantiñán

DOCUMENTO EFECTIVAMENTE ASINADO



ANEXO I EQUIPO DE TRABALLO

O equipo de traballo será o seguinte:

A) POR PARTE DA FUNDACIÓN:

1. _____, Dr. Enxeñeiro de Camiños, profesor Titular do Departamento de Enxeñería Civil na Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos, da Universidade da Coruña. Director e responsable do estudo por parte da Fundación.
1. _____, Dr. Enxeñeiro de Camiños, Profesor Asociado do Departamento de Enxeñería Civil na Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos, da Universidade da Coruña.
2. _____, Dr. Enxeñeiro de Camiños, Catedrático de Xeotecnia da Universidade Politécnica de Madrid. Especialista en estabilidade de noiros e medidas correctoras.
3. _____, Dr. Enxeñeiro de Camiños, Catedrático de enxeñería de costas na Faculty of Science and Engineering da Plymouth University (Reino Unido).
4. _____, Licenciada en Ciencias Xeolóxicas, Master en Enxeñería Xeolóxica e Máster en Prevención de Riscos Laborais.
5. _____, Doctor en Ciencias Biolóxicas, profesor Titular de Botánica da Universidade da Coruña. Especialista en Bioloxía Costeira.

B) POR PARTE DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO:

-Unha persoa da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, en concreto a persoa titular da xefatura de Espazos Naturais,

-Dúas persoas do Servizo Provincial de Conservación da Natureza de Lugo, concretamente as persoas titulares da xefatura do servizo provincial de Conservación da Natureza e xefe de área de Espazos Naturais.

Durante a vixencia do presente convenio poderase incorporar persoal adicional se durante o desenvolvemento dos traballos se estimara preciso.



ANEXO II

ORZAMENTO

A) POR PARTE DA FUNDACIÓN:

CONCEPTO	IMPORTE
Custos de persoal	120.000- €
Persoal da UDC.....	60.000- €
Persoal doutras universidades.....	60.000- €
Probas técnicas	86.000- €
Sondaxes e ensaios.....	30.000- €
Fotografía aérea xeral e de detalle con dron.....	14.000- €
Topografía.....	14.000- €
Batimetría.....	8.000- €
Cálculos con programas especiais.....	20.000- €
Outros gastos	13.000- €
Viaxes e Axudas de Custo.....	4.000- €
Material bibliográfico.....	4.000- €
Cartografía.....	2.000- €
Consumibles.....	1.000- €
Edición dos traballos.....	2.000- €
Total realización dos traballos.....	219.000- €
Subtotal	219.000- €
IVE (21%).....	45.990- €
TOTAL	264.990-€

A) POR PARTE DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

CONCEPTO	IMPORTE
Custos de persoal	16.010- €
Persoal da CMAOT.....	16.010- €
Outros gastos	12.000- €
Viaxes e Axudas de Custo.....	1.000- €
Material bibliográfico.....	5.000- €
Cartografía.....	5.000- €
Consumibles.....	1.000- €
Total realización dos traballos	28.010- €



O orzamento total do presente Convenio ascende á cantidade de DOUSCENTOS NOVENTA E TRES MIL EUROS, dos que DOUSCENTOS SESENTA E CATRO MIL NOVECENTOS NOVENTA EUROS, gastos de administración e IVE incluídos, corresponden ao orzamento da Fundación e VINTE E OITO MIL DEZ EUROS á DXPN

No relativo á Fundación, os custes deberán compensar realización das actividades obxecto deste convenio e serán xustificados conforme á cláusula novena deste convenio.

No relativo á CMAOT, os custes representan o valor dos traballos e medios achegados ao presente convenio.

Non obstante o anterior, este orzamento podería verse modificado se durante o desenvolvemento dos traballos xurdisen dificultades imprevistas, novas tarefas ou aspectos que se estimen importantes para as conclusións finais, ou se o prezo estimado dalgún para algún dos conceptos resultase ser claramente erróneo. As posibles modificacións deben estar xustificadas e deben ser obxecto de aprobación pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e a Fundación na correspondente addenda.

**ANEXO III ACCIÓNS****1.- ACCIÓNS****ESTUDO SOBRE A SITUACIÓN XEOLÓXICA-XEOTÉCNICA ACTUAL DO MONUMENTO NATURAL DA PRAIA DAS CATEDRAIS E A SÚA POSIBLE EVOLUCIÓN NO TEMPO ASÍ COMO RECOMENDACIÓNS PARA OS SEUS USOS FUTUROS**

O obxectivo do convenio é o desenvolvemento dun estudo que permita coñecer a situación actual tanto xeolóxica coma xeotécnica do monumento natural Praia das Catedrais.

A.- Coordinación do proxecto

Produto: Plan de traballo e definición de metodoloxía, terminoloxía e fontes de datos

Tarefas	Responsable	Duración
A.1. Definición do plan de traballo	DXPN/FUNDACIÓN	2 semanas
A.2. Documentación, material bibliográfico, etc	DXPN/FUNDACIÓN	1 mes
A.3. Coordinación dos traballos	DXPN/FUNDACIÓN	3 meses
A.4. Integración dos resultados do estudo nos instrumentos de xestión do monumento	DXPN/FUNDACIÓN	3 meses

B.- Realización de topografía e batimetría da zona onde está encadrado o monumento

Produto: Cartografía da praia e cantís

Tarefas	Responsable	Duración
B.1. Definición do plan de traballo	FUNDACIÓN	2 semanas
B.2. Realización de fotos con dron	FUNDACIÓN	1 semana
B.3. Levantamento fotogramétrico	FUNDACIÓN	2 semanas
B.4. Realización da batimetría	FUNDACIÓN	2 semanas



C.- Campaña de recoñecemento do terreo

Produto: Determinación dos perfís xeolóxicos-xeotécnicos do acantilado e do monumento

Tarefas	Responsable	Duración
C.1. Tomografía eléctrica	FUNDACIÓN	3 semanas
C.2. Sondaxes	FUNDACIÓN	3 semanas
C.3. Ensaíos de laboratorio	FUNDACIÓN	1 mes
C.4. Interpretación de resultados	FUNDACIÓN	1 mes

D.- Estudo da dinámica costeira

Produto: Determinación do efecto producido polo mar (oleaxe e correntes mariñas) sobre o monumento natural

Tarefas	Responsable	Duración
D.1. Recopilación de datos	FUNDACIÓN/DXPN	2 semanas
D.2. Análise de oleaxe	FUNDACIÓN	2 semanas
D.3. Aplicación de modelos de cálculo para determinar o efecto da oleaxe sobre o monumento	FUNDACIÓN	1 mes
D.4. Interpretación de resultados	FUNDACIÓN	1 mes



E.- Estudo xeolóxico do monumento e a súa contorna

Produto: Estudio da xeomorfoloxía do monumento e a súa posible evolución no tempo

Tarefas	Responsable	Duración
E.1. Análises de datos e informes anteriores	FUNDACIÓN	2 semanas
E.2. Estudo xeolóxico de campo	FUNDACIÓN	2 semanas
E.3. Interpretación de resultados	FUNDACIÓN	1 mes

F.- Estudo xeotécnico do monumento

Produto: Estudio da situación actual e da súa posible evolución no tempo

Tarefas	Responsable	Duración
F.1. Síntese e interpretación dos resultados obtidos nos puntos anteriores	FUNDACIÓN	8 semanas
F.2. Cálculos xeotécnicos (analíticos ou numéricos) de elementos concretos do monumento	FUNDACIÓN	4 semanas

G.- Elaboración dos resultados e conclusións do estudo. Análise e proposta de actuacións

Produto: Informe final de resultados, conclusións e propostas de actuación

Tarefas	Responsable	Duración
G.1. Interpretación, coordinación e síntese dos resultados obtidos no estudio	DXPN/FUNDACIÓN	4 semanas
G.2. Análise de propostas de actuación	DXPN/FUNDACIÓN	2 semanas



**ANEXO IV DOCUMENTOS QUE ACREDITAN A INTEGRACIÓN DA FUNDACIÓN INGENIERÍA CIVIL
DE GALICIA NA UNIVERSIDADE DA CORUÑA**

**LA FUNDACIÓN
PARA EL DESARROLLO**

De una parte el Rector Magnífico
atribuciones que le confiere el art.
de 10 de septiembre, de la Xunta
Decreto 41/ 2000 de 25 de febrero.

De otra, el Presidente del Patronato
Fundación.

- 1) Que a la Universidad, como
académicas, científicas y de
- 2) Que como fruto de este int
y privadas, en la constituci
Estatutos, todas aquellas ac
 - a) Promover la investig
 - b) Impulsar el desarr
 - c) Fomentar la incorpor
 - d) Favorecer la formaci
 - e) Promover la realiz
 - f) Difundir los resultad
- 3) Y, con el fin de potenciar y
establecer este CONVENIO

Cláusula I) Los profesores e
realización de la
hace referencia e

Cláusula II) La participación
científicos y técn
Orgánica de Un
156 a 166 de los
Públicas y Priv
Técnico o Artist
Gobierno de la U



- Cláusula III) La antedicha po
responsables de
Fundación. Previsi
lo previsto el el a
- Cláusula IV) La Fundación re
Investigación de
retribución total
que se deducirá
- Cláusula V) La Universidad e
"overhead": las d
transferencia bar
esta a invertir es
Universidad. Ello
cláusula siguiente
- Cláusula VI) La Fundación con
que marca el Re
material inventa
será depositado
Caminos, Canals
entrega formal
Universidad.
- Cláusula VII) Anualmente la I
actividad en la
(proyectos, curso
anual, en especi
apartados corre
afectados.
- Cláusula VIII) La Fundación fav
en su marco, con
información, des
organización de
proyectos de tr
activa y conjunta
- Cláusula IX) Anualmente, la F
- Cláusula X) El presente conv
automáticamente
con dos meses de

Y, como prueba de conformidad, l
un solo efecto en el lugar y la fecha

Por la Universidad de A. Coe


UNIVERSIDADE DA CORUÑA
El Rector



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A UNIVERSIDADE DA CORUÑA E
A FUNDACIÓN DA ENXEÑARÍA CIVIL DE GALICIA PARA A XESTIÓN
DELEGADA DE SERVIZOS CIENTÍFICOS, TÉCNICOS, ARTÍSTICOS OU
DOCENTES (ART. 83 LOU)**

En A Coruña, a 20 de novembro de 2012

REUNIDOS

Dunha parte, D. Xosé Luis Armeijo Barbeito, Reitor Magnífico da Universidade da Coruña, con enderezo social na rúa Maestranza s/n da Coruña e con CIF Q-8550005J, en nome e en representación da citada institución, no uso das atribucións que lle confire o art. 36.1.f) dos Estatutos desta universidade, aprobados polo Decreto 101/2004, de 13 de maio, da Xunta de Galicia (DOG de 26 de maio), modificado polo Decreto 194/2007 de 11 de outubro, polo que outorgan ao reitor a facultade para asinar convenios en nome da Universidade.

Doutra parte, D. Antonio Fernández Garitaonandia, en nome e representación da *Fundación de la Ingeniería Civil de Galicia* (en diante, a *Fundación*), con C.I.F. G-15422660 e enderezo social na Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos da Universidade da Coruña (Campus de Elviña, s/n), no uso das atribucións que lle confiren os seus Estatutos, aprobados por Orde do 9 de febreiro de 1994 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (DOG do 8 de marzo), modificados o 11 de decembro de 2009,

Ambas as entidades recoñécense a súa respectiva personalidade, capacidade e competencia para outorgar o presente convenio, e a tal efecto:

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que o capítulo V da Lei 2/2011, da economía sostible, e a Lei 14/2011, do 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación, constitúe o novo marco legal de referencia para o impulso da investigación científica e técnica e a innovación, coa finalidade de ofrecer solucións axeitadas á consecución dunha economía sustentable, baseada no coñecemento e a innovación.

Que a UDC, como servizo público de ensino superior, ten entre as súas fins prioritarias, a de colaborar coa sociedade na consecución do anterior, a través da calidade docente e investigadora, tal e como prevé o artigo 1 da Lei Orgánica de Universidades e o artigo 1 do seus Estatutos.



Que a UDC está interesada en promover e desenvolver actividades académicas, científicas e de transferencia tecnolóxica coa súa contorna.

SEGUNDO.- Que como fruto deste interese, a UDC participou, en colaboración con outras institucións públicas e privadas, na constitución da Fundación de Ingeniería Civil de Galicia perante notario o 28 de maio de 1993, aprobándose coa mesma data os seus estatutos. A finalidade da devandita fundación, carente de ánimo de lucro, de conformidade co artigo 7 dos seus Estatutos, é desenvolver todas aquelas actuacións no ámbito da enxeñaría civil encamiñadas a:

- a) Promover a investigación científica, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación.
- b) Impulsar o desenvolvemento técnico e a colaboración con outras institucións españolas e internacionais.
- c) Fomentar a incorporación e o desenvolvemento de novas tecnoloxías.
- d) Favorecer a formación de grupos de investigadores especialistas nos distintos campos de actuación.
- e) Facilitar o intercambio e a transferencia de coñecementos entre os grupos dos distintos axentes do sistema de ciencia-tecnoloxía-empresa.
- f) Difundir os resultados das actividades desenvolvidas, así como coordinar a redacción de informes, dictames, estudos, etc., por solicitude de entidades, institucións e empresas.
- g) Promover convenios de colaboración entre a Fundación e a Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos da UDC (en diante ETSICCP), o Centro de Innovación Tecnolóxica en Edificación e Enxeñaría Civil (en diante CITEEC) e outras escolas de enxeñaría, centros de investigación, e empresas, tanto públicas como privadas, para desenvolvemento do obxecto fundacional e a canalización da transferencia de tecnoloxía.

TERCEIRO.- Con data de 29 de xullo de 1994, a Fundación e a Universidade da Coruña asinaron un convenio marco de colaboración para o desenvolvemento de actividades académicas, científicas e de transferencia tecnolóxica. Este convenio marco foi substituído por outro de 1 de decembro de 2003, que se renovou cada catro anos, no que se lle atribúe á Fundación a capacidade de xestión e sinatura de contratos do artigo 83 LOU por conta da Universidade, como mecanismo específico de potenciación dos fluxos de transferencia de coñecemento.

Nos últimos anos, a Fundación ten aproveitado o anterior marco para desenvolver distintas canles de colaboración mutua entre o tecido empresarial e os investigadores da UDC para a mellora da súa capacitación tecnolóxica e a transferencia de coñecemento nun entorno crecentemente competitivo.



CUARTO.- O Consello Social de 18 de xullo aprobou o Regulamento para a contratación de servizos científicos, técnicos, artísticos ou docentes (art. 83 da LOU), publicado no DOG nº 166, do 31 de agosto de 2012, en cuxo artigo 20 se dispón que "A persoa responsable da execución do contrato poderá optar pola encomenda da xestión económica deste a medios propios e instrumentais da UDC ou a aquelas entidades sen ánimo de lucro con que mantiver un convenio específico de colaboración a UDC, ao abeiro do artigo 83 da LOU. A devandita encomenda non suporá en ningún caso a cesión da titularidade da competencia de contratación ou dos elementos substantivos do seu exercicio. Será responsabilidade da UDC ditar cantos actos ou resolucións de carácter xurídico deren soporte á concreta actividade material obxecto da encomenda ou en que esta se integre. Con todo, nestes casos a facturación será realizada pola entidade colaboradora".

Polo exposto, as partes suscriben o presente CONVENIO ESPECÍFICO DE COLABORACIÓN, dacordo coas seguintes:

CLAUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

É obxecto do presente convenio a regulación da xestión delegada por parte da Fundación de la Ingeniería Civil de Galicia dos contratos suscritos polo persoal da UDC ao abeiro do artigo 83 LOU e o Regulamento para a contratación de servizos científicos, técnicos, artísticos ou docentes (publicado no DOG nº 166, do 31 de agosto de 2012), en diante o regulamento.

SEGUNDA.- Encomenda de xestión.

As persoas responsables da execución dos contratos asinados ao abeiro do artigo 83 LOU poderán encomendar a súa xestión económica á Fundación nos termos previstos polo artigo 20 do Regulamento.

Asimismo, a Fundación poderá impulsar e asinar, por delegación da universidade, contratos ao abeiro do artigo 83 LOU, sempre que conte con autorización previa da vicerreitoría competente en investigación e transferencia.

TERCEIRA.- Obrigas da Fundación.

1. Naqueles contratos do art. 83 LOU cuxa xestión o investigador principal e responsable da execución delegue na Fundación, esta poderá aceptar a encomenda de xestión, previa comprobación da existencia de autorización da vicerreitoría competente en investigación e transferencia e se os traballos son acordados aos fins da Fundación. Neste caso, A Fundación deberá:



- a) Realizar a facturación das cantidades recollidas no contrato nos termos previstos por este, de conformidade coas ordes que reciba do investigador principal.
- b) Liquidar e transferirle á UDC, o 8% do orzamento dos contratos (IVE excluído) que xestione a favor da conta corrente da UDC, podendo reter para si outro 5% do devandito orzamento total, en concepto de gastos. Admitirase a liquidación da primeira cantidade mediante a achega de investimentos reais inventariables ou destinada a centros específicos da UDC. Como norma xeral, propónse una achega monetaria do 4% e unha material do 4%.
- c) Subcontratar aquelas prestacións que ordene o investigador principal para a correcta execución do contrato, de conformidade coa lexislación de aplicación.
- d) A Fundación informará en tempo real á OTRI da UDC, a través de la aplicación informática suministrada por la UDC a tal efecto, de toda a documentación relativa aos contratos e convenios nos que participe personal da UDC, incluíndo o detalle da retribución total feita efectiva en concepto de custe de persoal a membros da UDC.
- e) En xeral, cumprir caisquer outras obrigas se desprenden do Regulamento.

2. Naqueles contratos do artigo 83 cuxa sinatura e xestión o investigador principal e responsable da execución do contrato delegue na Fundación, ésta deberá cumprir con todas as obrigas previstas na alínea 1 da presente cláusula.

CUARTA.- Responsabilidades

A sinatura ou encomenda da xestión destes contratos á Fundación non conleva relación laboral ou contractual entre os investigadores da UDC que os executan e a Fundación.

A Fundación velará polo cumprimento da lexislación en materia de contratación laboral, e responderá solidariamente co investigador principal das

indemnizacións que procedan fronte a terceiros en caso de cesión ilegal de traballadores ou fraude na contratación laboral.

Igualmente, a Fundación responderá dos danos e prexuízos que cause á Universidade por negligencia na xestión económica do contrato.



QUINTA.- Réxime específico da contratación de actividades docentes ou de especialización.

Nos ámbitos de coñecemento que lle son propios, a Fundación poderá promover contratos de actividades docentes, formativas e de especialización impartidas polo persoal da UDC con outras entidades públicas ou privadas, nos termos previstos polo artigo 8 do Regulamento.

SEXTA.- Resolución de conflitos.

As cuestións litixiosas xurdidas verbo da interpretación, modificación, resolución e efectos do presente convenio serán resoltas de mutuo acordo polas partes na comisión mixta de seguimento. Esta comisión estará integrada por dous representantes da UDC e dous representantes da Fundación, designados polos correspondentes órganos de goberno de ambas entidades.

En defecto de acordo entre as partes, as discrepancias xurdidas serán resoltas mediante arbitraje, nos termos previstos na Lei 60/2003, de 23 de decembro, de arbitraje.

SÉTIMA.- Vixencia.

A duración do presente convenio será de catro anos, e renovarase automaticamente por períodos anuais sucesivos mentres non for denunciado por algunha das partes, que o comunicará á outra por escrito e con, cando menos, un mes de antelación á data de renovación.

No entanto, a denuncia do presente convenio non impedirá rematar os contratos específicos que estivesen sendo executados.

En proba de conformidade, asínase o presente documento en todas as súas follas por triplicado exemplar e para un só e para un mesmo efecto.

Na Coruña, o 20 de novembro do 2012

Pola Universidade da Coruña

D. Xosé Luis Armesto Barbeito

Pola Fundación

Antonio Fernández Garitaonandía.



XUNTA DE GALICIA



UNIÓN EUROPEA

Fondo Europeo de
Desenvolvemento Rexional
Unha maneira de facer Europa

galicia